



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL QUE TIVO LUGAR O DÍA 5 DE ABRIL DE 2004.

Na casa do concello de Teo, a oito de xaneiro de dous mil catro.

Sendo as dezanove horas, e baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Armando U. Blanco Martínez, reuniuse en primeira convocatoria a Xunta de Goberno Local, coa asistencia dos seis membros que a compoñen e que se citan na marxe, a fin de levar a cabo a sesión ordinaria supletoria convocada para este día.

Asiste o adxunto a Secretaría da corporación, D. Luis Nieto Lago.

Pola presidencia declárase aberto o acto, pasándose de seguido a coñecemento e resolución dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

SEÑORES ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Armando U. Blanco Martínez.

Concelleiros:

D. Antonio Castroagudín Valladares

D. Manuel R. Cajaraville Campos

D. Manuel Mata Iglesias

D. Juan B. Aller Suárez

D. Ramón Cea Ferreiro

Secretario:

D. Luis Nieto Lago

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- O sr. Presidente inquire se algún dos Sres. edís presentes desexa formular observacións ó borrador da acta da última sesión, que foi distribuída coa convocatoria da actual.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobalo tal como foi redactado e que se rexistre no libro correspondente.

2.- LICENCIAS DE APERTURA.

a) Visto o expediente tramitado a instancia de D^a MARIA JESUS ANDION VARELA, que solicita licencia de apertura para o establecemento dun COMERCIO MENOR DE PRODUCTOS TEXTILES E DECORACION PARA O FOGAR, en Montouto, Urbanización Los Rosales, bloque C, local 2, parroquia de Cacheiras deste Concello.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licencia que se pretende, a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades conferidas pola Lei reguladora de bases de réxime local, do 2 de abril de 1985, e texto refundido das disposicións legais en materia de Réxime Local, aprobado por R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, acorda concederlle a licencia que se solicita, así como aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, o importe da cal deberá ser ingresado previamente en arcas municipais, sen o que a licencia non surtirá ningún efecto.

b) Visto o expediente tramitado a instancia de D. JESUS DE LA IGLESIA FERNANDEZ, en representación de JESUS DE LA IGLESIA FERNANDEZ, S.L., que solicita licencia de apertura para o establecemento dunha OFICINA DESTINADA Á REALIZACIÓN

DE SERVICIOS TECNICO-XURIDICOS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA, en Cacheiras, Edificio Umbrela, Portal 1-2ºD, parroquia de Cacheiras deste Concello.-----

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito á licenzia que se pretende, a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades conferidas pola Lei reguladora de bases de réxime local, do 2 de abril de 1985, e texto refundido das disposicións legais en materia de Réxime Local, aprobado por R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, en consonancia coa correspondente Ordenanza fiscal, acorda concederlle a licenzia que se solicita, así como aprobar a liquidación das taxas municipais correspondentes, o importe da cal deberá ser ingresado previamente en arcas municipais, sen o que a licenzia non surtirá ningún efecto.---

3. - ANTICIPO SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES, ANO 2003.-----

Vista a solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o anticipo a conta da subvención para actividades do ano 2003 á entidade Asociación Recreativa e Cultural "LosTilos", por importe de 1000 Euros.-----

4.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE MODIFICACION PUNTUAL PLAN PARCIAL SAUR-2".-----

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación definitiva do "Proxecto de modificación puntual do Plan Parcial SAUR-2", cumpridos os trámites previstos pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, unha vez rematado o prazo de exposición pública, e vendo que non se presentaron alegacións ó mesmo.-----

5.- ADXUDICACION DO CONTRATO DE XESTION, EN REXIME DE CONCESION ADMINISTRATIVA, DO CENTRO DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA DE CALO.-----

Vista a proposta da mesa de contratación, e unha vez examinado o expediente e as puntuacións obtidas polas empresas licitadoras, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:-----

1º.- Adxudicar á empresa "Aurora, Pilar, Ana, S.L.", con C.I. F. B-15922230 e domicilio en Rúa Ameneiro, U2A, P2-2ºI-Os Tilos, o contrato de xestión da Escola Infantil de Calo.-----

2º.- Notificar este acordo a tódolos licitadores, con indicación dos recursos a que teñan dereito.-----

3º.- Comunicar á empresa adxudicataria que, previamente á sinatura do contrato administrativo, deberá constituir, no prazo de vinte días, contados a partir da data de notificación do presente acordo, unha garantía definitiva, por importe de 3.862,00 Euros(tres mil oitocentos sesenta e dous euros), en calquera das formas aceptadas en dereito.-----

6.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.-----

Non habendo máis asuntos de que tratar comprendidos na orde do día, levantouse a sesión, sendo as dezasnove horas e corenta minutos minutos, estendéndose a presente acta, de todo o que como Secretario adxunto certifico, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

Vº e praxe
O Alcalde,

O Secretario,